

FESTIVAL DE NADAL

O **venres, día 20**, imos celebrar o festival de Nadal no casino de Ares ao que están invitados os pais/titores dos alumnos. Van ser dúas funcións: unha para infantil e outra para primaria dividida en dúas partes por culpa da capacidade do lugar.

- **Educación Infantil.**
 - Empezará o festival ás 10:15h. Os pais entrarán unha vez o alumnado estea acomodado no seu sitio. **Ó remate da función desaloxarase o recinto.**
- **Educación Primaria.**
 - Empezará o festival **ás 11:15h. para as familias de 1º, 2º e 3º de primaria.** Como na anterior, os pais entrarán unha vez que o alumnado estea acomodado. **Ó remate da actuación de 3º, desaloxarase o recinto e subirán as familias do alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria.**
 - **Ás 11:45 empezarán as actuacións de 4º,5º e 6º.**

Xa no colexio, os Reis Magos entregarán aos alumnos unha golosina (coa colaboración da ANPA).

Avisos:

- No caso de que chova a función de infantil farase na sala de usos múltiples do colexio.
- **Aqueles que publiquen en calqueira medio fotos o vídeos do festival serán os responsables do feito.** Por parte do centro, un representante gravará as actuacións e, unha vez revisadas, colgaranse na páxina web do colexio.
- **A saída ese día será ás 13:30h,** unha vez que se entreguen as notas.
- **Non haberá comedor.**

E moi importante a súa colaboración no desaloxo do recinto ao remate das actuacións, porque axudará a que todo se desenvolva dun xeito satisfactorio. Moitas grazas. Aproveitamos tamén para desexarlles Felices Festas.